

TRABALLANDO PROXECTOS DE INDAGACIÓN CIENTÍFICA CON ALUMNADO DE BAIXO RENDEMENTO ACADÉMICO

YEBRA FERRO, MIGUEL ÁNGEL

VIDAL LÓPEZ, MANUEL

MEMBIELA IGLESIA, PEDRO

Facultade de Ciencias da Educación de Ourense

RESUMEN

A pesar de que os proxectos de indagación no laboratorio supoñen importantes desafíos para o profesorado e os estudantes, poden desempeñar un papel importante para traballar a adquisición de competencias científicas e mellorar as actitudes do alumnado cara á ciencia. O obxectivo deste estudo foi coñecer a valoración dos estudantes e seu profesor do deseño e posta en práctica de tres proxectos de indagación científica en pequeno grupo, así como os problemas xurdidos durante a experiencia. O estudo realizouse durante seis meses nunha clase de 9 alumnos do segundo curso de PMAR (Programa para a Mellora da Aprendizaxe e do Rendemento) (3º ESO) no IES Lagoa de Antela (Xinzo, Ourense). Os datos baséanse nas respostas dos alumnos a un cuestionario tipo diferencial semántico e preguntas abertas, e na valoración retrospectiva do profesor ao final do curso elaborada a partir das observacións recollidas durante a experiencia. Case todos os estudantes valoran de forma positiva a realización de proxectos de indagación, sinalando a parte experimental dos proxectos como a máis entretida, aínda que nas súas respostas tamén se indican cuestións problemáticas relacionadas coa redacción da memoria ou a presentación do seu proxecto ante os seus compañeiros. Problemas de participación e interese de un alumno, vense reflectidos na valoración do profesor e na do seu grupo. O docente dende unha apreciación da experiencia realizada, sinala a importancia de aprender ciencia facendo ciencia. Na súa opinión estes traballos suscitaron gran interese por parte dos estudantes, e aínda que iste poido baixar nalgunha das fases dos proxectos. A experiencia realizada móstra que, traballos prácticos de certo nivel de esixencia como son os proxectos de indagación, pódense levar a cabo con alumnado de baixo rendemento académico.